

TEMA 9: A LITERATURA GALEGA NO EXILIO: AUTORES E OBRAS.

1.CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL.

O 18 de xullo de 1936 (20 días despois da aprobación en plebiscito do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia) comezou a sublevación militar encabezada polo xeneral Franco contra a legalidade republicana. Iniciábanse así tres anos de contenda fratricida que rematarían coa derrota das tropas legais ao goberno e a vitoria dos sublevados. As consecuencias da Guerra Civil e os posteriores anos da ditadura, foron nefastos para a nosa literatura e en cultura en xeral.

A actividade política (Partido Galeguista) e cultural do nacionalismo quedou truncada. O **Seminario de Estudos Galegos**, a revista **Nós**, as editoriais **Nós e Céltiga** e o periódico **A Nosa Terra**, toda a efervescencia cultural que conseguiran as Irmandades da Fala e Nós desapareceu da noite para a mañá. Os intelectuais, artistas e escritores sufriron as represalias dun réxime asentado no terror e na máis dura intransixencia ideolóxica: Otero Pedrayo foi apartado da súa cátedra por doce anos; Xaime Quintanilla ou Ánxel Casal (directores das editoriais Céltiga e Nós) foron asasinados... Tal e como estaba a situación, moitos destes intelectuais, artistas e escritores galegos vense obrigados a tomar o camiño do exilio. Asentáronse sobre todo en Montevideo, México e Bos Aires (pasará a ser a capital cultural galega), lugares onde xa había comunidades galegas máis ou menos nutridas e estables, consecuencia do continuo fluxo migratorio desde o século XIX.

A estes exiliados sumáronselles os que, vivindo xa nesas cidades como emigrantes, optaron por compartir a condición de exiliados: Blanco Amor, Emilio Pita, Varela Buxán... Esta concentración axudou a dinamizar en xeral a vida asociativa da comunidade galega, reforzou en moitos casos as posicións políticas do galeguismo (Irmandade Galega, Pacto Galeuzca, Consello de Galiza), que estivo liderado por Castelao ata o ano 50, e traducíuse en numerosas iniciativas culturais. O exilio mantivo así accesa a chama da cultura galega que non podía desenvolverse en Galicia baixo o franquismo, ó mesmo tempo que garantiu a continuidade do galego como idioma escrito. Entre as moitas iniciativas levadas a cabo temos:

- Organización de exposicións, conferencias, recitais, certames...
- Creación de editoriais e coleccións bibliográficas, moitas das cales aparecen vinculadas a Luís Seoane e Rafael Dieste.

- Creación e continuación de xornais (Galicia, A Nosa Terra), revistas (Galeuzka, Galicia emigrante) e programas radiofónicos (Galicia emigrante, Recordando Galicia).
- Composición de grupos músico-corais e de compañías teatrais (Maruxa Villanueva).
- Constitución de diversos organismos e entidades culturais (Patronato da Cultura Galega en México e Montevideo)
- A denuncia por parte de organismos como a UNESCO da persecución por parte do réxime franquista da cultura e o idioma galegos.

A nivel literario, entre 1940 e 1944 publícanse en América 18 libros en galego e varios en castelán sobre a nosa cultura e en Galicia, ningún. O bando sublevado contra a República deu mostras claras do seu desafecto cara ás linguas minoritarias e culturas periféricas. Malia que o uso do galego segue sendo maioritario en Galicia, vese reducido aos rexistros informais, e será tolerado por ser o único idioma no que é competente unha boa parte da poboación.

A figura máis importante será **Castelao**, polo seu labor político e cultural, que en Bos Aires estrea *Os vellos non deben namorarse* (1941); en Galicia publicarase no 1953 e estrearse no 1961, publica *Sempre en Galicia* (1944), aínda que os inicios foron escritos antes da Guerra Civil e *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

2. A POESÍA DO EXILIO.

O ámbito poético foi o que recibiu maior número de achegas desde a diáspora. A maior parte dos poemarios aparecen en Bos Aires e abordan liñas temáticas que estaban vetadas na Galiza franquista ou reflectían problemas da Galicia exiliada.

EMILIO PITA (1909-1981). A súa primeira publicación no exilio foi o poemario *Jacobusland* (1942), ilustrado por Castelao e no que fala da traxedia da guerra civil en Galicia. Máis tarde publicará *Cantigas de nenos, Os relembrados, o ronsel verdegal*. Pode considerarse este autor como un antecedente da poesía comprometida, sen que por iso descoide os seus valores estéticos.

LUÍS SEOANE (1910-1970). Home polifacético, foi un dos iniciadores do movemento cultural galego en Bos Aires. Dedicouse ao debuxo, pintura, gravado e á poesía. Esta iníciase en 1952 con *Fardel de exiliado*, onde conta a epopea anónima da emigración galega. Posteriormente publica *Na brétema, Sant-Iago, As cicatrices e A maior abundamento*. Na súa

poesía observamos tres preocupacións esenciais sobre Galicia: a dimensión social e política, o coñecemento histórico e cultural e o reflexo do mundo artístico.

Podemos caracterizar a súa poesía cos seguintes trazos:

-Estilo realista, ás veces, case xornalístico.

-Poesía sobria, discursiva, pero chea de forza e de paixón comunicativa.

-Dominio do verso longo, case prosaico, seminarrativo.

-Temática preferentemente social, con predominio do tema da emigración tratada desde a perspectiva dos propios emigrantes.

-Escaseza de poemas persoais, nos que fale o propio eu de Seoane.

LORENZO VARELA (1919-1978). Aínda que xa fillo de emigrantes galegos, ao rematar a guerra civil, tamén se exiliou en México e máis tarde en Bos Aires. En 1944 publicou *Catro poemas para catro gravados* que contén a exaltación de María Pita, do dirixente da revolta Irmandiña Roi Xordo, do bispo Adaúlfo, e de María Balteira. En 1954 publica o seu poemario *Lonxe*, e igual có anterior con ilustracións de Luís Seoane. Trátase dun libro dominado pola angustia do desterro e unha visión case irónica do afastamento de Galicia. Dúas temáticas dominan o libro: unha mítico-saudosista, baseada na Guerra Civil na que canta aos guerrilleiros antifranquistas e recorda á poesía cívica chea de lirismo e outra saudosa arredor da ausencia da terra e do exilio.

EDUARDO BLANCO AMOR. Edita en Bos Aires o seu *Cancioneiro* (1956).

3. A NARRATIVA DO EXILIO.

Prosas escritas no exilio e case todas publicadas na democracia. Son obras realistas e cargadas de elementos autobiográficos que tratan o tema da Guerra Civil, así como o dos anos inmediatamente posteriores. O mundo dos fuxidos, da guerrilla antifranquista e da represión son debuxados nuns textos directos que case sempre empregan un narrador en 1ª persoa, outorgándolle deste xeito unha confidencialidade notable á historia:

Destacan os seguintes autores:

RAMÓN DE VALENZUELA OTERO (1912-1980). Tamén exiliado en Bos Aires, publicou a novela *Non agardei por ningún*, onde o narrador é un fidalgo galeguista republicano que fala dos anos da guerra civil. Na mesma liña está a segunda novela *Era tempo de apandar*. Ámbalas dúas constitúen un documento narrativo sobre esta época.

Son, polo tanto, novelas de acción onde se recorre á aventura, varios espazos, marxinación do mundo rural, as inxustizas sociais, os ataques aos guerrilleiros... Os personaxes son populares, xente do común aínda que tamén se atopan antagonistas ruíns, corruptos, fanáticos, garda civís, carceleiros, nazis e falanxistas.

SILVIO SANTIAGO (1903-1974). Natural de Ourense, ao estalar a guerra fuxiu a Portugal, embarcando logo para Venezuela. É aquí onde escribe *Vilardevós*, que se publica ao seu regreso a Galicia en 1961. Postumamente publicárase a súa novela autobiográfica *O silencio redimido* (1976) na que relata a época da súa fuxida e o seu desterro.

Dúas son as principais motivacións do autor nestas obras: a súa aldea e a súa infancia, ten polo tanto unha clara intención realista. A temática é variada e vai desde a superstición, nostalgia, relixiosidade, violencia, persecución e atopamos un contraste entre o pasado e o presente, etc

Tamén se publican obras clave da nosa literatura como *A Esmorga*, de **Blanco Amor** ou *Memorias dun neno labrego* (1961) de **Neira Vilas**, un dos libros máis lidos de toda a narrativa galega e traducida a múltiples linguas (xa estudados).

4. TEATRO.

Durante esta época conviven dúas posturas teatrais diferentes: unha de carácter máis popular e máis enxebre, que ten como representante a Varela Buxán; outra, máis culta e innovadora a cargo de Castelao, Luís Seoane e Blanco Amor.

MANUEL DANIEL VARELA BUXÁN (1909-1986). Foi un dos principais animadores do teatro galego na Arxentina, participando como actor e director de varias compañías teatrais (Maruxa Villanueva). Escribiu varias pezas de tipo rural, costumista e humorista, aínda que non exentas de crítica social, como *A xustiza dun muiñeiro*, *Se o sei...non volvo*, *De mulleres...non me fales*, *¿Pista ou peste?*. As súas obras foron unhas das máis representadas da nosa historia.

CASTELAO. Estreou a súa obra *Os vellos non deben namorarse* en 1941 en Arxentina pola compañía de actores galegos (Maruxa Villanueva) e na que Castelao foi o director da representación, ocupándose practicamente de todos os aspectos da posta en escena. Habería que agardar a 1953 para que o texto de *Os vellos non deben namorarse* fose coñecido en Galicia. Esta obra preséntanos tres versións dun mesmo esquema dramático: o vello que se namora dunha moza e a imposibilidade deses amores, que acaban inevitablemente coa morte do vello. Ademais, como peza teatral, incorpora

aspectos innovadores do teatro europeo, tales como procedementos vangardistas simbolistas, a importancia da luz e doutros elementos teatrais.

EDUARDO BLANCO AMOR. Ademais de ser director de compañías teatrais no exilio, tamén foi autor de varios textos dramáticos que están contidos en dous volumes: o primeiro *Farsas para títeres* e o segundo, *Teatro prá xente*. Cada un destes volumes contén varias pezas teatrais. Cómpre engadir tamén a peza *Proceso en Jacobusland*, que constitúe unha durísima denuncia da represión franquista.

Unhas son obras de realismo costumista, pensadas para “a xente do noso pobo”, público pouco afeito a ler ou ver teatro; outras son farsas, non realistas, moi imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos, que lembran o esperpento de Valle Inclán ou o teatro do absurdo europeo; están pensadas para un público culto.

LUÍS SEOANE. É autor de *A soldadeira* (1957), peza histórica-social que trata o tema da revolta irmandiña liderada por Roi Xordo, que viña sendo unha especie de símbolo sobre a loita de resistencia antifranquista. Outras obras son *Esquema de farsa*, na que denuncia a falsa visión que ofrecen as autoridades franquistas sobre os emigrantes galegos, e *O irlandés astrólogo* (1959). No seu teatro apréciase o influxo de Bertold Brecht, apostando tamén por unha nova concepción do teatro.

5. O ENSAIO.

Continuando o pulo do Grupo Nós, varios autores do exilio cultivan este xénero con resultados moi satisfactorios. Entre eles destacamos:

CASTELAO. Ademais de publicar o estudo *As cruces de pedra na Galiza* (1950), contribuíu decisivamente á consolidación do xénero ensaístico cunha obra monumental, considerada por moitos como a biblia do nacionalismo galego *Sempre en Galiza* (Bos Aires, 1944). Ademais da compoñente política de moitos dos seus artigos, esta obra contén materias moi heteroxéneas, escritas en épocas diversas e en diferentes circunstancias. Non obstante hai nela un elemento común: o feito de ser un tratado de patriotismo galego.

LUÍS SEOANE. Realizou varios estudos e artigos sobre figuras de pintura e arte galegas, moitos dos cales foron recollidos no volume *Textos encol da arte galega*.

OUTROS. **Alonso Ríos** con *Co pensamento na patria galega* (1942).